

O Lectorado de Galego da Universitat Autònoma de Barcelona, o Instituto Camões de Barcelona e mais o Espazo Galego dos Países Catalans organizan a II edición do concurso literario **Contos no Mediterráneo**, dirixido a aquelas persoas que estudaron ou están a estudar galego ou portugués nos territorios de fala catalá. Neste premio literario existe liberdade normativa e priorizarase a calidade e creatividade literaria sobre a corrección lingüística.

MÁIS INFORMACIÓN E BASES:

www.contosnomediterraneo.cat
espazogalego@gmail.com
paulo.filgueiras@uab.cat



II CONCURSO
LITERARIO

CONTOS NO MEDITERRÁNEO

Organiza:



UAB
Universitat Autònoma de Barcelona
Lectorat de Gallego

IC INSTITUTO
CAMÕES
PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS


Colabora:



**Maio
Cultural
Galego**

Patrocina:

Centro Galego de Barcelona / Sargadelos / Edicións Xerais de Galicia / Edicións A Nosa Terra / Obradoiro Santillana / Edicións Laiovento / Oqo Editora / Casa Darío / Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia / Secretaría de Política Lingüística da Xunta de Galicia / Instituto Camões



MÁIS INFORMACIÓN E BASES:

www.contosnomediterraneo.cat
espazogalego@gmail.com
paulo.filgueiras@uab.cat

II CONCURSO
LITERARIO

CONTOS NO MEDITERRÁNEO

PARA PARTICIPAR CÓMPRE SEGUIR O SEGUINTE REGLAMENTO:

ARTIGO 1

O concurso comprende dúas categorías:

A. Menores de 18 anos

B. Maiores de 18 anos

ARTIGO 2

Escribir un relato en **galego ou portugués** a partir dun tema de **libre elección**. A extensión será de **1.000 a 2.500** palabras. Deben presentarse sete copias do traballo mecanografadas a duplo espazo. O texto debe ser anónimo e inédito. Os sete exemplares serán enviados nun sobre de formato grande e na capa o autor indicará o seu pseudónimo, o título da obra e a categoría. No interior incluírase un sobre pequeno pechado que conteña a fotocopia do documento de identidade, os datos persoais que se indican no boletín de participación e mais un disquete ou CD co documento gardado en formato rtf. O pseudónimo, o título da obra e a categoría en que se participa tamén deben aparecer escrito fóra deste sobre pequeno.

ARTIGO 3

Os orixinais enviaranse a este enderezo:

Contos no Mediterráneo

Departament de Filologia Francesa i Romànica Edifici B, Universitat Autònoma de Barcelona.

08193 Bellaterra (Barcelona)

ARTIGO 4

A data límite de presentación dos orixinais é o **5 de maio de 2008**. A entrega oficial do premio será a sexta feira **30 de maio ás 19.30h** no **Centro Galego de Barcelona** (Rambla dels Caputxins, 35-37).

ARTIGO 5

Os textos serán sometidos a un xuri composto por **cinco** membros nomeados polas entidades organizadoras do concurso.

ARTIGO 6

Os textos non solicitados non serán devoltos aos autores/ ás autoras.

ARTIGO 7

PREMIOS DA CATEGORIA A:

1º iPod nano, lote de música, lote de libros, camisolas

2º Cea para dúas persoas, lote de música, lote de libros, camisolas

3º Obsequio de Sargadelos, lote de libros, camisolas

Os tres premios inclúen, ademais, materiais didácticos de galego e de portugués.

PREMIOS DA CATEGORIA B:

1º 1.000€

2º Viaxe a Lisboa para unha persoa.

3º Obsequio de Sargadelos.

Os tres premios inclúen, ademais, materiais didácticos de galego e de portugués.

Todos/as os/as finalistas recibirán un premio e un diploma. No acto de entrega serán convidados/as a un aperitivo cos membros do xuri.

O xuri pode declarar deserto calquera dos premios.

ARTIGO 8

Os textos premiados polo xuri serán publicados no sitio web do concurso (**contosnomediterraneo.cat**) e mais no do *Espazo Galego dos Paisos Catalans* (**espazogalego.info**), así como na sección de Barcelona do portal *Vieiros* (**vieiros.com/edicions/14/barcelona**).

As entidades organizadoras resérvanse o dereito de editar os textos nos medios que consideren oportunos.

ARTIGO 9

As decisións do xuri non poderán ser recorridas. O simple feito de participar presupón a total aceptación do presente regulamento.

BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO CONTOS NO MEDITERRANEO (EDICIÓN 2008)

Nome e apelidos:.....

Documento de identidade:.....

Enderezo:.....

.....

Teléfono:.....

Correo-e:.....

Nome e enderezo do establecemento escolar:.....
(Cómpre adxuntar un documento acreditativo)

Título da obra:.....

Pseudónimo da/o autor/a:.....

Categoría:.....



**DOCUMENTACIÓN
QUE CÓMPRE ANEXAR:**

Boletín de participación debidamente cuberto.

Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte.

Acreditación de ser estudante de galego ou de portugués.

Copia en formato .rtf do texto presentado.